



A Asociación de Nais e Pais Fonte da Revolta do CEIP Ana María Diéguez informa das seguintes cuestións:

## **1. INSCRIPCIÓN/RENOVACIÓN DE SOCIOS**

### **Ficha de datos dos socios**

Deberá cubrirse a ficha de inscrición/renovación de socios que se achega xunto con esta circular. Unha vez cuberta deberá depositarse no buzón da Anpa, xunto co xustificante de pago da cota anual.

### **Cota anual socios**

A cota anual de socio da Anpa mantense en 20€.

### **Prazo de pagamento**

A data límite para a formalización da alta tanto para os usuarios do comedor, como para os usuarios das actividades extraescolares será o **1 de Outubro**.

**Este prazo debe cumprirse para poder garantir a axeitada cobertura do seguro escolar subscrito pola Anpa.**

### **Formas de pagamento**

Farase exclusivamente a través da conta da ANPA na entidade La Caixa-CaixaBank:

IBAN ES24 0133 4694 5142 0000 4203

No concepto do ingreso deberá indicarse o seguinte: NOME DO SOCIO – NOME DO ALUMNO

### **Non socios**

Para poder participar nas actividades, os usuarios que non sexan socios, abonarán igualmente os 20 € en concepto de matrícula.

### **Xustificante de pagamento**

O xustificante do pagamento da cota anual deberá xuntarse á ficha de inscrición/renovación de socios, e depositarse no buzón da Anpa.

O pagamento da cota anual é imprescindible para formalizar á pertenza á asociación.

## **2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

### **Actividades ofertadas**

As actividades extraescolares propostas para este curso escolar son as seguintes:

**Ximnasia Rítmica, Ciencias Experimentais, Obradoiro Musical, Robótica, Obradoiro de Teatro, Obradoiro de Pintura, Inglés e Piscina.**

Todas as actividades se realizarán na nosa escola, excepto a de piscina, que obviamente se desenrolará na piscina municipal de Rianxo.

### **Prazo de inscrición**

O prazo para anotarse rematará o xoves 26 de setembro. É necesario que nos confirmedes canto antes os nenos que están interesados en cada actividade aos efectos de confirmar a existencia do número mínimo de usuarios para poder facer os grupos.

### **Inicio de actividades**

O inicio das actividades será o vindeiro día 1 de outubro.

### **Período das actividades**

As actividades darán comezo o 1 de outubro, e rematarán en o 31 de maio, excepto a piscina (que rematará o 19 de xuño) e o obradoiro de teatro (que dependerá da data en que se faga a representación final do curso).

As actividades desenrolaranse segundo o período lectivo do calendario escolar. Polo tanto, non haberá actividades extraescolares nas vacacións de Nadal, Entroido e/ou Semana Santa. Tampouco nos demais días festivos do curso escolar.

### Pagamento das actividades

O cobro das actividades farase **exclusivamente por domiciliación bancaria**, polo que as familias deberán cubrir o impreso correspondente para autorizar o cobro. De este xeito o control dos pagamentos será moito mais sinxelo para nós, e tamén mais cómodo para vós.

Ademais, farase en **tres únicos prazos**:

- ~ 1º prazo: meses de outubro, novembro e decembro (cobro na segunda semana de outubro).
- ~ 2º prazo: meses de xaneiro, febreiro e marzo (cobro na segunda semana de xaneiro).
- ~ 3º prazo: meses de abril e maio, e xuño nas actividades que corresponda (cobro na segunda semana de abril).

Se algunha familia ten dificultades co sistema de domiciliación bancaria dos recibos, deberá poñerse en contacto con calquera membro da xunta directiva da Anpa, que estudará o caso concreto para acadar unha solución.

Cando se solicite a **baixa nunha actividade**, non se devolverá o importe xa pagado do trimestre en curso.

A excepción para o método de cobro será a actividade da piscina, que se pagará directamente na propia piscina municipal, e segundo as regras e prazos establecidos por eles.

### Baixas e novas altas na inscrición

As novas altas e as baixas na inscrición das actividades deberán ser comunicadas antes do inicio de cada trimestre, e terán efecto exclusivamente a partir do inicio de dito trimestre.

### Horarios e prezo das actividades

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Obradoiro Musical 16:00 – 17:00 (* )	Robótica 16:30 – 17:30 20 €/mes	Obradoiro de Teatro 16:00 – 17:30 (** )	Obradoiro de Pintura 16:00 – 17:00 13 €/mes	Inglés Lúdico 16:00 – 17:00 14 €/mes
Ciencias Experimentais 16:30 – 18:00 18 €/mes			Ximnasia Rítmica 17:15 – 18:15 16 €/mes	Piscina 16:30 – 17:15 10 €/mes (***)
				Inglés 17:00 – 18:00 14 €/mes

\* Esta actividade depende do número de usuarios. Supoñendo 15 usuarios o prezo sería de 4 €/mes.

\*\* Esta actividade depende do número de usuarios. Supoñendo 15 usuarios o prezo sería de 10,35 €/mes.

\*\*\* Si se paga todo o curso ao seu inicio terá un custo de 80 € (11,11% desconto). Tamén haberá un desconto do 15% para os segundos e sucesivos irmáns.

Estes horarios poderán sufrir algunha variación, derivada da organización dos grupos.

### Información de interese sobre as actividades propostas

**Ciencias Experimentais:** Esta é unha actividade que xa coñecemos no noso cole, e que sempre ten moito éxito entre os nenos, pois permítelles realizar curiosos e divertidos experimentos, a través dos cales van adquirindo diversos coñecementos científicos. Está destinada aos nenos de primaria. (Impartida por Academia Prisma)

**Obradoiro Musical:** Para os nenos de 5º e 6º de infantil, e 1º e 2º de primaria. Introducción ao universo musical a través de diversas actividades lúdicas, e incluso de relaxación, a través da música. (Impartida pola Escola de Música de Rianxo)

**Robótica:** Despois do éxito dos obradoiros de robótica que organizamos o curso pasado, este ano decidimos apostar por introducir esta actividade nas extraescolares. Traballarán coa linguaxe de programación visual Scratch, e realizarán diversos proxectos ao longo do curso que seguro que nos van sorprender. Esta actividade tamén está destinada exclusivamente aos nenos de primaria. (Impartida por Academia Prisma)

**Obradoiro de teatro:** O teatro fomenta a imaxinación e a creatividade dos nenos; axuda a conectar e traballar as emocións; e mellora o desenrolo da expresión oral e corporal. O ano pasado os nenos deste obradoiro sorprendéronnos a todos co seu traballo, e este ano non vai ser menos. (Impartida por Loida Fernández)

**Taller de pintura:** Recuperamos esta actividade que xa tivemos no colexio en anos anteriores. Esta é outra actividade que permitirá tamén aos nenos desenrolar a súa creatividade, a través das distintas técnicas pictóricas que van ir aprendendo ao longo do curso. (Impartida por Academia Prisma)

**Ximnasia Rítmica:** É unha disciplina deportiva que desenrola a flexibilidade e a coordinación dos movementos corporais. Favorece o estado físico dos nenos e mellora a súa capacidade de concentración, así como o control e coñecemento do seu corpo. (Impartida por Academia Prisma)

**Inglés lúdico/ Inglés:** Nesta actividade faranse dous grupos diferentes. No primeiro propónse un achegamento dos máis pequenos ao inglés, a través de xogos e actividades divertidas. O segundo grupo, está destinado aos nenos que teñen un nivel maior de coñecemento da lingua, polo que a forma de traballo será distinta. (Impartida por Academia Prisma)

**Piscina:** Como xa sabedes, para esta actividade é necesario levar traxe de baño apto para a piscina, chanclas, gorro e gafas de piscina. Tamén unha toalla e os produtos de hixiene persoal que sexan precisos. Cada familia responsabilizarase de levar ao seu fillo ata a piscina municipal e de recollelo na mesma ao finalizar a actividade. Lémbrese que é necesaria a puntualidade nesta actividade, e que para axilizar a preparación dos nenos e o inicio da mesma, deberían levar o traxe de baño posto desde a casa.

Ao igual que nos anos anteriores, esta actividade conta con normas de funcionamento, calendario e forma de pagamento diferente das outras actividades, pois dependen da empresa que xestiona a Piscina Municipal, e das que serán informadas todas aquelas familias interesadas.

A principal novidade deste ano é que os nenos serán separados por niveis. Tamén se farán avaliacións trimestrais da evolución dos nenos (para ilos subindo de nivel), e informarase ás familias da súa evolución ao longo do curso. (Impartida por Aquafit)

**Na Asemblea Xeral Ordinaria do vindeiro venres 27 de setembro, daremosvos máis información sobre as actividades programadas, e resolveremos as vosas dúbidas.**

**Na citada Asemblea anunciaranse tamén as actividades que obtiveron o número mínimo de inscricións e os horarios definitivos das mesmas.**

### 3. A ANPA

Queremos comunicarvos que temos un enderezo electrónico para que poidades poñervos en contacto con nós: [anpafontedarevolta@gmail.com](mailto:anpafontedarevolta@gmail.com)

Tamén vos lembramos que temos tanto unha conta en Facebook "[fontedarevolta.anpa](https://www.facebook.com/fontedarevolta.anpa)", coma un apartado na páxina web do colexio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipanamariadiequez/>, onde imos publicando información sobre as actividades que realizamos e outros temas de interese para as familias.

### FICHA DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DA ANPA CURSO 2019-2020

Don/Dona:
pai, nai ou titor/a do alumno/a:
de _____ curso, desexo inscribilo nas seguintes actividades extraescolares:
Teléfono de contacto:

#### DATOS BANCARIOS A EFECTOS DE DOMICILIACIÓN

Titular da conta bancaria:

Nome:		Apelidos:	
D.N.I.:		Entidade:	
		Oficina:	

Autorizo a que os recibos das actividades extraescolares emitidos pola Anpa Fonte da Revolta do CEIP Ana María Diéguez (CIF G-15513369) sexan cargados na seguinte conta:

IBAN	Código Entidade	Sucursal	DC	Número de conta

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

Sinatura do titular da conta: